


# ALIANZA

GALEGA

POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES

## Carta ao Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, a propósito da falla de respecto aos mortos nas residencias galegas



A 'Alianza Galega polos Servizos Sociais Públicos para Maiores e Dependentes' (ASSP) constituíuse para defender uns **servizos sociais** (residencias, servizos de atención no fogar, servizos de día, ...) **de calidade, diversificados, en número suficiente, de proximidade e ao alcance de todos, e plenamente públicos, dirixidos aos maiores e os dependentes.** A 'Alianza' está constituída, inicialmente, polos seguintes colectivos sociais: **REDE** (Federación Galega de Asociacións de Usuarias e Familiares de Usuarias das Residencias e da Dependencia); **TReGa** (Traballadoras das Residencias de Galicia); e **MODEPEN** (Movemento en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos); tres colectivos sociais que, respectivamente, tentamos defender, e en certa medida representar, os intereses dos usuarios das residencias e dos servizos de dependencia, e dos seus familiares; das persoas que traballan nas residencias; así como os das persoas pensionistas maiores, que na súa grande maioría teñen 65 ou máis anos e/ou son dependentes.

O Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, acusou ao Goberno central, esta semana, de faltarlle ao respecto aos mortos nas residencias galegas durante a actual pandemia do coronavirus, unha crise de saúde pública que fixo aboiar dun xeito terríbel a verdadeira faz das residencias galegas e españolas, facendo agora evidente diante da observación pública situacións que levamos tempo denunciando as persoas e organizacións que integramos a 'Alianza'. Sorpréndenos e escandalízanos esas declaracións do actual Presidente, pedindo respecto aos mortos. Unha cousa está clara, señor Presidente, poucas persoas teñen tan limitada autoridade moral coma vostede para solicitar respecto para as vítimas.

Falla de respecto é ignorar durante anos, sistemáticamente, as queixas, denuncias e reclamacións que, sobre as frecuentes carencias, malas prácticas e negligencias que existían nas residencias, realizamos os familiares das persoas que están ingresadas nelas, as traballadoras das mesmas, ou as asociacións de pensionistas. O Goberno que preside non fixo res durante anos, diante desas queixas e denuncias. A titular da Consellería de Política Social, que ten a máxima responsabilidade na catástrofe, segue exercendo como tal como se nada sucedese, imbuída nun etéreo e inútil frasco de formol.

Falla de respecto é ter un servizo de inspección e unha dirección xeral de maiores que miraron para outro lado permanentemente dende hai anos, ante a dor e sufrimento desas persoas maiores, e dependentes, que agora morren nas residencias froito, en parte, da inacción administrativa. Falla de respecto e manter no cargo ó señor Ildelfonso de la Campa Montenegro, director xeral de Maiores, un home improdutivo e caduco, que so ten en mente a defensa da xes-

# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES


ción das directivas das empresas que xestionan as residencias en Galicia vapuleadas pola pandemia.

Falla de respecto cos mortos é manipular escandalosamente as cifras, secuestralos e agochalos a prol da súa conveniencia política, nun xesto macabro e amoral, unha postura que mantén ó longo da xestión da pandemia e que aínda non sabemos qué consecuencias reais terá na desescalada. Tamén é unha falla de respecto a escasísima información e o engano aos familiares sobre o estado de saúde dos residentes durante a actual pandemia.

Falla de respecto, señor Presidente, cos dramas surrealistas que se viven en DomusVi San Lázaro (Santiago) e Nuestra Señora de la Esperanza da Fundación San Rosendo (Ourense), convertidas en morgues inmundas, con 80 falecidos, cando as cifras oficiais non pasan de 45; o abandono da Residencia de San Carlos (Celanova), sen dirección nin médico, con 11 mortos (oficialmente 1); os bandazos, mentiras e silencios insoportábeis nas Residencias da cidade da Coruña, DomusVi Concepción Arenal, DomusVi Matogrande, Portazgo e Santa Teresa Jornet, con medio centenar de mortos e 180 persoas infectadas; e os recontos baratos na área de Vigo, onde as Residencias DomusVi Barreiro, DomusVi Aldán, Moledo e Crecente presentan 62 falecidos, cando a oficialidade tramposa fala de 39 vítimas mortais. As situacións máis angustiosas xa teñen un mes de vida, con 12 residencias protagonistas no plano máis negativo (Nuestra Señora de Fátima, no Barco, incluída) pero tan so tres delas entrevistadas; unha postura tozuda, irresponsábel, que trae asombro e desazón aos familiares das vítimas.

Falla de respecto é venerar e respaldar a Josefina Fernández Miguélez, máxima directiva de DomusVi en España, grupo campión na carreira dos mortos, enriquecida a conta dos residentes que usan os servizos do grupo empresarial que dirixe, e a que vostede mesmo foi entregarlle en man algún premio que outro.

Falla de respecto ás vítimas é non recoñecer que a situación actual das residencias, e o número de mortos que temos que lamentar nelas, é en boa medida a consecuencia directa de ter promovido a enorme privatización destes centros en Galicia. As residencias propiedade de DomusVi ou da Fundación San Rosendo, as dúas princi-




*“Señor Presidente, poucas persoas teñen tan limitada autoridade moral coma vostede para solicitar respecto para as vítimas”*

*“Falla de respecto é ignorar durante anos, sistemáticamente, as queixas, denuncias e reclamacións que, sobre as frecuentes carencias, malas prácticas e negligencias que existían nas residencias, realizamos os familiares, as traballadoras, ou os pensionistas”*

# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES



*“Falla de respecto cos mortos é manipular escandalosamente as cifras, secuestralos e agochalos a prol da súa conveniencia política, nun xesto macabro e amoral”*

*“Falla de respecto ás vítimas é non recoñecer que a situación actual das residencias, e o número de mortos que temos que lamentar nelas, é en boa medida a consecuencia directa de ter promovido a enorme privatización destes centros en Galicia”*

país empresas que xestionan residencias no noso país, son institucións caracterizadas por ter sistemáticamente rateos de persoal por debaixo dos mínimos legais e moi por debaixo dos precisos para poder prestar unha atención de calidade, mentres manteñen as súas traballadoras nunhas condicións de clara precariedade e explotación, e xa sen entrar a valorar o grao de opacidade con que se conducen estas empresas.

Falla de respecto é prometer en campaña electoral que se van construír novas residencias públicas e logo facer ningunha. Falla de respecto é non invertir un can en mellorar os servizos sociais e si pagar con cartos públicos a unha parte de medios de comunicación galegos e españois para que informen segundo seus concretos ou partidistas intereses neste asunto.

Falla de respecto é utilizar as vítimas para facer política indigna con elas, a favor propio. As nosas vítimas non son as súas, déixeas en paz, pois vostede é o responsábel último de que nas residencias non houbera persoal preciso para atendelas ben nin para tomar as medidas preventivas que lles terían salvado a vida; responsábel último tamén de que non estiveran ben nutridas, hidratadas, e coidadas... e de que os xestores directos das residencias convertesen en moitas ocasións as vidas dos maiores e dependentes nun inferno.


(Por certo, as residencias de DomusVi e tamén en boa parte dos centros que presentan a día de hoxe a covid19 nas súas instalacións, seguen sen cumprir co rateo legal de persoal, cuestión que si é unha falla de respecto capital e da que non lle escoitamos nin unha triste frase. Por desgraza, se non hai cambios profundos, temos o convencemento de que nas residencias intervidas de Barreiro, Aldán e O Barco, en canto marche o persoal adscrito ás bolsas de emprego público, volverá o inferno a elas)

Tamén é unha falla de respecto a utilización dos maiores e dependentes para a promoción persoal de políticos ou para a propaganda electoral partidista. Neste escenario, vostede, señor Núñez Feijóo, é un consumado experto, ó igual que a súa correlixionaria Corina Porro, cuxa actuación a primeiros de abril no traslado de maiores á Residencia de Tempo Libre de Panxón, resultou do máis grotesco que se recorda no amplo historial de comedias que deu a política ga-

# ALIANZA

GALEGA

## POLOS SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS PARA MAIORES E DEPENDENTES



*“Falla de respecto  
é prometer en campaña  
electoral que se van  
construír novas  
residencias públicas  
e logo facer ningunha”*

*“Falla de respecto  
é utilizar as vítimas para  
facer política indigna  
con elas, a favor propio”*

*“En boa parte das  
residencias que  
presentan a día de hoxe  
a covid19 nas súas ins-  
talacións, seguen sen  
cumprir co rateo legal  
de persoal, cuestión  
que sí é unha falla de  
respecto capital  
e da que non  
lle escoitamos  
nin unha triste frase”*

lega nestes últimos anos. Corina Porro é parte interesada na traxedia da pandemia, posto que é amiga persoal de Josefina Fernández, CEO de DomusVi, que non é a primeira vez que recoñece que grazas á ferrolana a leonesa está nos prósperos negocios da dependencia e da xeriatría que deixan a DomusVi en España uns beneficios desorbitados de 95 millóns de euros anuais (segundo previsión para 2019 feita no ‘Informe de actividades e memoria de responsabilidade social’ de DomusVi en 2018).

Por último, señor Presidente, amose respecto, se quere, traballando para crear un verdadeiro servizo galego de maiores e dependencia, público e de proximidade, con prezos asumíbeis, universal e ben financiado, e ao que tódolos galegos poidan ter acceso cando o precisen, coa garantía de que van ser ben coidados.

Xosé Bernárdez Solla (REDE), 619.955.224

Paulino Campos (REDE), 689.311.500

Sonia Jalda Cores (TReGa), 610.327.938

Isabel Barreiro Taboada (TReGa), 667.458.036

Francisco L. Vázquez Vizoso (MODEPEN), 616.493.971

Gonzalo Baló Mosquera (MODEPEN), 616.635.708